



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 16 DE XUÑO DE 2.007

“No Salón de Actos da Casa do Concello de Outeiro de Rei, sendo as doce horas e cinco minutos do día dezaséis de xuño de dous mil sete, para dar cumprimento ó que se dispón nos Artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1.985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis orgánicas 1/ 1.987, de 2 de abril; 8/1.991, do 13 de marzo; 6/ 1.992, do 2 de novembro; 13/1.994, de 30 de marzo; 3/1.995, do 23 de marzo; 1/1.997, de 30 de maio e 3/1.998, de 15 de xuño e artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2.568/1.986, do 28 de novembro, referentes á constitución das Corporacións Locais e elección de Alcalde, reuníronse en sesión pública, os Srs. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día 27 de maio de 2.007, que son os seguintes: D. José Pardo Lombao, D. José Yebra Amorín, D. Luis Varela Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D<sup>a</sup> Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D<sup>a</sup> Victoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D<sup>a</sup> Dulce María Neira Fraga, asistidos polo Secretario da Corporación D. José M<sup>a</sup> Vázquez Pita, quen fai constar que se cumpríu o requisito que preceptúa o Artigo 7º do citado Regulamento, como trámite previo legal para este acto.

Concorrendo ao presente acto de constitución a totalidade dos candidatos proclamados electos pola Xunta Electoral de Zoa de Lugo, na sesión de data de 1 de xuño de 2007, constitúese a mesa de idade á que fai referencia o artigo 195.2 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, e formada por dona Vitoria Fernández Vigo, como concelleira de menor idade de entre os presentes e don José Yebra Amorín, como concelleiro de maior idade de entre os presentes.

A continuación, a mesa de idade comproba as credenciais presentadas pola totalidade dos candidatos proclamados electos, e verifica a previa presentación das declaracións de bens e de actividades e intereses, así como a posta a disposición do acta de arqueo e inventario municipal de bens e dereitos.

Acto seguido, tómase xuramento ou promesa aos candidatos proclamados electos, de conformidade co seguinte orde e resultado:

D. ARCADIO LOMBAO ROMÁN ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo.

DONA DULCE MARÍA NEIRA FRAGA ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Si, prometo

D. MIGUEL ANGEL LÓPEZ Y VARELA ¿Xuras ou prometes curmpir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo

D. JOSE MANUEL CARRAL MENDEZ ¿Xuras ou prometes curmpir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo

D. JOSE PARDO LOMBAO ¿Xuras ou prometes curmpir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo

D. LUIS VARELA PEREZ ¿Xuras ou prometes curmpir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo

D. DONA PILAR MENDEZ LOMBAO ¿Xuras ou prometes curmpir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo

D. SERAFÍN VÁZQUEZ ARIAS ¿Xuras ou prometes curmpir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo

DONA SANDRA ABELEDO SÁNCHEZ ¿Xuras ou prometes curmpir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Si, prometo

DONA VITORIA FERNÁNDEZ VIGO ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo

DON JOSE YEBRA AMORÍN ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo

Unha vez que xuraron tódolos concelleiros e, consecuentemente, tomaron posesión dos seus cargos, proclámase en viva voz:

“Declárase constituída a Corporación Municipal.”

A continuación, procédese á elección do Alcalde da Corporación, de conformidade co procedemento previsto no artigo 196 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, a cuxo teor literal dá lectura a mesa de idade nos seguintes termos:

*“En la misma sesión de constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:*

- a. Pueden ser candidatos todos los concejales que encabezen sus correspondientes listas.*
- b. Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los concejales es proclamado electo.*
- c. Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el concejal que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.”*

Rematada a lectura do artigo, o concelleiro de meirante idade de entre os presentes, diríxese aos cabezas de lista coa finalidade de interpelar acerca da presentación de candidaturas:



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

D. JOSÉ PARDO LOMBAO: ¿Desexa presentar a súa candidatura á elección de Alcalde?

Si, presento a miña candidatura.

D. MIGUEL ANGEL LOPEZ Y VARELA: ¿Desexa presentar a súa candidatura á elección de Alcalde?

Si, presento a miña candidatura.

D. ARCADIO LOMBAO ROMÁN: ¿Desexa presentar a súa candidatura á elección de Alcalde?

Si, presento a miña candidatura.

A continuación, procédese a realizar a votación, previo chamamento nominal dos concelleiros, e mediante o depósito nunha urna, da papeleta cuberta con nome do candidato proposto.

O chamamento nominal segue o seguinte orde:

D. ARCADIO LOMBAO ROMÁN  
DONA DULCE MARÍA NEIRA FRAGA  
D. MIGUEL ANGEL LÓPEZ Y VARELA  
D. JOSE MANUEL CARRAL MENDEZ  
D. JOSE PARDO LOMBAO  
D. LUIS VARELA PEREZ  
D. DONA PILAR MENDEZ LOMBAO  
D. SERAFÍN VÁZQUEZ ARIAS  
DONA SANDRA ABELEDO SANCHEZ  
DONA VITORIA FERNÁNDEZ VIGO  
DON JOSE YEBRA AMORÍN

Finalizado o acto de votación, os membros da mesa de idade realizan o escrutinio dos votos emitidos, co seguinte resultado:

D. José Pardo Lombao: seis votos

D. Miguel Angel López y Varela: tres votos

D. Arcadio Lombao Román: dous votos



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Polo tanto, de conformidade co disposto no artigo 196.B da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, resulta proclamado Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, don José Pardo Lombao.

Don José Yebra Amorín, en calidade de concelleiro de maior idade dos presentes, pregunta:

D. José Pardo Lombao, ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

O Interpelado resposta: “si, prometo.”

Tras tomar posesión deste xeito do cargo de Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, don José Pardo Lombao toma a palabra:

“Señoras Concelleiras, Señores Concelleiros, Señoras/es veciños en xeral, hoxe é un día moi importante para min posto que é a séptima vez consecutiva que acada a investidura como Alcalde algún membro do partido político o que me honra pertencer.

Todo este tempo que levo en política non me cansou para nada, mais ven todo o contrario, a experiencia adquirida de 14 anos como Concelleiro e 10 como Alcalde permíteme conocer mellor a Administración Local e ver con bastante claridade as necesidades do noso Concello, que son moi diferentes as de fai 24 anos, cando tomei posesión por primeira vez como Concelleiro.

En estes últimos anos fomos capaces de cubrir a inmensa maioría de servizos básicos dos nosos veciños. Temos unha rede de estradas municipais en boas condicións que chega practicamente a tódalas vivendas, rede eléctrica renovada en boas condicións en todo o municipio. Rede de camiños rurais e forestais moi importante e en boas condicións. Rede de centros sociais practicamente en tódalas parroquias. Alumeado público en todo o municipio. Auga potable de Rede municipal en todos os núcleos con posibilidade de dar servizo ata as vivendas mais illadas. Unhas importantes infraestruturas deportivas, pabellón polideportivo, algunhas pequenas pistas deportivas, catro campos de fútbol en condicións aceptables, pistas de atletismo e karting.

Importantes infraestruturas culturais, casa de cultura, biblioteca e auditorio con un bo equipamento.

Somos, creo que o único Concello que conseguiu eliminar tódolos pasos a nivel.

Esta mesma casa reformada en profundidade e modernizada.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Crecemos en habitantes, temos un desenvolvemento industrial que nos permite mirar o futuro con moita esperanza e ilusión, desenvolvemento turístico con futuro, un bo potencial madeireiro, etc.

Todo isto, que para min é unha gran satisfacción, porque se levou a cabo, na meirande parte, durante estes anos que gobernou este Concello o partido que pertenzo, e que me tocou estar sempre no equipo de goberno, unhas veces colaborando e outras dirixindo dito equipo, o que me permite acadar unha experiencia moi interesante, e saber que este Concello pode ser un Concello como xa o está a ser, dos máis desenvolvidos e dinámicos da nosa comarca, e incluso da Provincia.

Para eso eu quero comprometerme con todos os veciños/as deste Municipio en poñer toda a imaxinación e enerxía posible para que este Concello consiga o éxito que se merece, pero non chega con desexarmos éxitos sinón que temos que debemos poñernos a traballar e marcar liñas de actuación que nos permitan acadar metas importantes.

E pasando o concreto por sectores:

Empezando polo Sector que algun día foi practicamente o único en todo Concello, que é o SECTOR AGRO-GANDEIRO o cal perdeu cantidade de persoas implicadas nel, pero gañou en calidade, posto que hoxe nel hai menos explotacións, pero son auténticos profesionais.

Polo tanto desde aquí vamos a seguir a traballar con eles, apoiando as súas asociacións e organizacións, mantendo en boas condicións os servizos no seu entorno e impulsando actuacións básicas para o seu desenvolvemento como pode ser a concentración parcelaria, pedíndolle a administración que ten a obriga de lebalala a diante, que así o faga incluso se é necesario prestándolle apoio e colaboración dende o Concello.

Prestaremos todo tipo de servizos de información e asesoramento, como viñemos facendo ata o de agora dende o Concello, para seguir a facilitar o desenvolvemento do sector.

### O SECTOR INDUSTRIAL E COMERCIAL.

Seguindo a desenvolver un gran Polígono Industrial para que sigan chegando o noso Concello empresas importantes que nos permitan crear postos de traballo para que os nosos xóvenes non necesiten marcharse a outros sitios, e poidan crear riqueza para o futuro.

### O SECTOR DA MADEIRA.

E tamén importante porque crea gran riqueza para os nosos veciños, contribuíndo o mesmo tempo o mantemento e mellora do medio ambiente. Para eles traballaremos no mantemento e ampliación dos camiños forestais, que ademais de facilitar as plantacións e corta de madeira, contribúen dun xeito decisivo na loita contra o lume, na cal este Concello se



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

manterá implicado e colaborando con outras administracións como o veu a facer ata o de agora.

### O SECTOR DO TURISMO E HOSTELERIA.

Ainda que ten un peso mais pequeno na economía Municipal, tamen se lle augura un futuro prometedor. Con eles estaremos colaborando na posibilidade de acadar axudas directas como se estivo a facer, pero tamen na promoción, así como na creación de infraestruturas públicas, como poden ser entre outras, sendeiro do miño, rutas de senderismo, recuperación do núcleo urbano, áreas recreativas, recuperación do patrimonio, etc, que poidan facer que o noso Concello cobre interes para os posibles visitantes.

### O SECTOR DA ARTESANIA.

Hai que destacar de maneira importante a alfarería de Bonxe, así como outra serie de artesáns que desenvollean traballos moi interesantes.

Con eles seguimos a traballar fundamentalmente na promoción e comercialización dos seus traballos, así como no apoio de calquer outra iniciativa que poida xurdir.

Todo este desenrolo económico, creo que se pode levar a cabo gracias, fundamentalmente, ao gran potencial humano que ten o noso Concello, e que é o capital mais importante que temos. Temos que ser capaces de facelo, de xeito que sexa un desenvolvemento sostible para que se proxecte cara o futuro a prosperidade neste Concello, facendo do noso pobo non só un pobo que crea riqueza no presente, senón que a proxecta cara o futuro, porque ademais de ter un motor económico potente, temos que lograr que, vivir no noso Concello, sexa atractivo e agradable.

Para iso temos que mellorar todavía mais, se cabe, os servizos, poñendo en marcha servizos coma a Gardería Municipal, rede de parques infantís, así como o mantemento de todo tipo de actividades deportivas, culturais, de ocio, tempo libre e sociais, especialmente para xovenes, así como na mellora e apoio a formación dos mesmos, porque non olvidamos que senón conseguimos formar os nosos xovenes académicamente e culturamente o noso futuro non poderá ser o prometedor que todos desexamos. Por iso eu quero comprometerme dende aquí cos xoves para apoialos en todo o que se refira a súa formación, tanto, profesional, cultural, deportiva, social, coma en calquer actividade que queiran desenrolar.

Non podería olvidarme aquí dun sector da poboación que é o que nos deu todo o que somos: son os nosos maiores, os cales creo que temos que devolverlles parte do que lles debemos, posto que todo sería imposible. Eu comprométome con eles a traballar para crear un centro de día no noso Concello, espero que coa colaboración de outras administracións, posibilitar acceso a residencia concertada ou pública, colaborar con outras administracións no desenvolvemento da Lei de dependencia. Potenciaremos dende o Concello, máis “se cabe”, os



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

servizos sociais sobre todo, se a Lei de dependencia non é capaz de cubrir as súas necesidades.

Seguiremos a traballar coas súas asociacións e colaborar na súa financiación.

Seguiremos potenciando a celebración de actos sociais e culturais para os nosos maiores.

Temos que traballar mais, se cabe, en temas de igualdade e promoción da muller, intentando axudalas na súa formación e integración no mundo laboral, así como na concienciación, da poboación en xeral e dos homes en particular, do importante que é que non haxa problemas de desigualdade en tódolos ambitos laborais, familiares e sociais.

Tamén traballaremos para integrar no mundo laboral e social os colectivos mais desfavorecidos e desarraigados da nosa poboación, polo camiño da formación, educación e integración laboral.

Levaremos adiante políticas de eliminación de barreiras arquitectónicas para facilitar a mobilidade ás persoas con minusvalías, polas que intentaremos traballar para axudalas na súa integración laboral e social.

Despois do que acabo de expor, compañeiros do Equipo de Goberno, está claro que temos un reto moi importante diante de nos para estes catro anos de mandato que nos encargaron os nosos veciños, pero como sei da vosa capacidade e vontade, poderemos levalo adiante, porque non vai a ser tan difícil aínda que o traballo é moito, porque a capacidade de desenrolo, e as gañas que teñen tódolos veciños do Municipio de facer que o noso pobo progresa e estea á cabeza dos mais desenvoltos e dinámicos, está xa comprobada.

Tamén espero contar coa colaboración dos grupos da oposición, porque, aínda con liñas políticas distintas, seguro que desexan o progreso deste Concello, e eu dóuvos as grazas de antemán por esa colaboración.

Pero, as grazas con maiúsculas, quero dárllelas os veciños e veciñas do noso Concello, por depositar en nos a confianza dun xeito masivo unha vez máis.

Quero decirvos a todos e todas que é moi difícil poder corresponder a tanta confianza que nos otorgades durante tanto tempo.

Eu persoalmente, quero poñerme a disposición de todos vos, veciños e veciñas, non so como Alcalde, senon como un verdadeiro amigo.

Moitas grazas a todos.”





## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dase por finalizada a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos, da que eu Secretario, extendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.”

O Secretario,

Vº e Praxe,  
O Alcalde,